

Guía do alumnado.

Ámbito da Comunicación. 4º Esa semipresencial.

0. Cuestións xerais sobre o curso

- ✓ **Calendario escolar.** A principios de cada curso, o Centro EPA *Río Lérez* elabora un *calendario escolar*. Cómpre estarmos moi atentos a este documento, porque recolle todas as datas relacionadas coa organización do curso: comezo e final das clases en cada cuadrimestre, horarios, exames, avaliacións... O calendario pódese consultar na web do centro (<http://www.epapontevedra.com/calendario.htm>).
- ✓ **O curso.** Na ESA (Educación Secundaria para persoas Adultas), cada un dos módulos ou cursos impártese nun cuadrimestre, de tal xeito que durante un ano académico o alumnado pode cursar e aprobar dous módulos. O primeiro cuadrimestre impártese entre setembro e xaneiro e o segundo, entre febreiro e xuño.
- ✓ **Horario.** Na ESA semipresencial, o alumnado ten unha única sesión semanal de clase. Dispón, ademais, dunha *titoría telefónica* semanal (TT), isto é, outra sesión na que poderá poñerse en contacto co seu profesor a través do teléfono ou do correo electrónico (<http://www.epapontevedra.com/horarios.htm>). Daquela, nesta modalidade de distancia semipresencial, o alumnado debe realizar a maior parte do traballo académico e de estudo pola súa conta, para o que resulta inestimable a axuda que ofrecen os cursos correspondentes da Aula Virtual que inclúen múltiples ferramentas e documentos de apoio.
- ✓ **O Ámbito de Comunicación.** Este ámbito integra as materias de Idioma Moderno (Inglés/Francés) e a que comunmente recibe o nome xenérico de Comunicación (Lingua Galega e Lingua Castelá).
- ✓ **O material didáctico.** No módulo IV, impártese as unidades 13, 14, 15 e 16. Aínda que o profesor que imparte a materia poida achegar algún recurso complementario, o material didáctico que empregaremos é o proposto pola Consellería de Educación. Este material pódese descargar na páxina web da propia Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/7453>) ou na do centro (<http://www.epapontevedra.com/>). Tamén se pode mercar en papel na conserxería do centro.
- ✓ **Exames.** As datas dos exames establécense o centro e figuran dende principio de curso no calendario escolar. Haberá dous exames ordinarios e un extraordinario. O primeiro exame ordinario realízase ao rematarmos o primeiro bimestre (mediados de novembro) e abarca as unidades 13 e 14. O segundo abarca as unidades 15 e 16 e realízase ao rematarmos o segundo bimestre (finais de xaneiro). O exame do segundo bimestre inclúe unha proba de recuperación para aqueles alumnos que suspendesen o exame do primeiro bimestre. Os exames extraordinarios realízanse en marzo (para o alumnado do primeiro cuadrimestre) e en setembro (para o alumnado do segundo cuadrimestre).
- ✓ **As notas.** Aínda que o ámbito inclúa dúas *asignaturas* e sexa impartido por dous profesores, a nota é única. O 70% desa nota correspóndelle á materia de Comunicación (Lingua Galega e Lingua Castelá), mentres que o 30% restante correspóndelle ás disciplinas de Inglés/Francés. Non poderá haber *abandono* en ningunha das materias (o profesorado adoita esixir unha nota mínima para facer media). As notas aparecerán na web do centro o mesmo día no que se realiza a avaliación.